

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que se celebrará o día 7 de xuño de 2024, ás 12:00 horas na Sala de Comisións da Deputación Provincial:

## **ASUNTOS**

### **Información e actas**

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 9/2024, do 15 de maio.

### **Asesoría Xurídica**

2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia polas que se dispón a comparecencia en procedementos concursais.

3. Dación de conta das Resolucións da Presidencia polas que se dispón o acatamento e cumprimento das resolucións xudiciais correspondentes.

### **Servizo de Asistencia Técnica a Concellos**

4. Aprobación dun informe favorable sobre a aprobación definitiva do proxecto de urbanización do novo polígono industrial de Ribeira.

### **Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica**

5. Aprobación da proposta de inclusión no Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña 2020-2022 prórroga 2024 da modificación do programa provincial FOENAA, subvencións dirixidas a entidades para actividades de promoción económica, e da convocatoria do programa de subvención DP0043, subvencións dirixidas a concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2024.

6. Aprobación da proposta de inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2020 - 2022 prórroga 2024 da inclusión da convocatoria do programa de subvención DP0044/2024 en réxime de concorrencia competitiva para o embelecemento de establecementos de restauración no ámbito dos concellos incluídos no PSTD Os Fogóns do Anllóns, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea - Next generation para o ano 2024, e da inclusión de novas subvencións nominativas propostas polo servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, área de Turismo.

7. Aprobación da inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2020 - 2022 prórroga 2024 das subvencións nominativas propostas polo servizo de Acción Social, Cultura e Deportes, Sección de Deportes.

8. Aprobación da proposta de inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña

2020-2022 prórroga 2024 das subvencións nominativas "Actividades de cultura tradicional, os Premios Mestre Mateo e actividades culturais na rúa" e "Programación Lírica da Coruña 2024" correspondentes á Área de Cultura da Sección de Educación e Cultura do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes.

9. Aprobación da proposta de inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2020-2022 prórroga 2024 das subvencións nominativas "A liña do galego no ano 2024" e "Correlingua 2024 na provincia da Coruña. Dende aquí até acolá, galego xa!" correspondentes á Área Lingüística da Sección de Normalización Lingüística.

## ROGOS E PREGUNTAS

O secretario accidental (asinado dixitalmente)